

Nos zapatos da muller Orquestra.

Accións, reflexións e rol da muller nos camiños da historia

Arte e mulleres, a presenza da muller



Cando unha persoa visita un museo, recibe unha información sesgada na que se silencian múltiples colectivos. Entre eles, as mulleres.

Estes centros de cultura responden nos seus criterios aos puntos de vista da ideoloxía dominante da época que os conformou: unha visión exclusivamente masculina que tamén reflicte os intereses dunha elite económica, social e xeográfica.

"Os obxectos que se atopan nos museos e quen os realizaron foron considerados como elementos dignos de conservarse. Á inversa, todo o que non está é perecedoiro e mortal", explica Marián López Cao, directora do Instituto de Investigacións Feministas (IFF), pertencente á Universidade Complutense de Madrid.

No Prado, só 38 obras de 10.000 están asinadas por autoras

Fai dous anos, o Ministerio de Cultura, a Universidade Complutense e o IIF asinaron un convenio denominado Museos e xénero, co que se estudaron os fondos museísticos españois desde a perspectiva de xénero

Estudando desde esta mirada a historia da arte descóbreanse relacións de dominación, económicas, sociais e familiares. "A pintura convértese así nun documento histórico excepcional visto desde esta perspectiva de xénero". Esta nova visión mostra o androcentrismo dos fondos museísticos, máis acentuado na obra clásica que na contemporánea.

Segundo López Cao, esas obras non se expuñan "porque hai un criterio atravesado de ideoloxía chamado calidade que é abstracto e que é o que inclúe ou exclúe". O seu obxectivo con esta nova visión das obras é que a sociedade reflexione: Por que foi así tantos anos e ninguén se deu conta? Ou os responsables dos museos non quixeron facelo?

Con esta visión "a Historia estase abrindo a outras posibles escrituras".

"É de lei mirar ás mulleres e restituír o seu valor no pasado"

ARTE E MULLERES, A PRESENZA DA MULLER.

Módulo I

- Reflexións sobre a presenza da muller na arte.
Un percorrido histórico sobre a figura da muller como artista e obxecto artístico.

Módulo II

- Obradoiro en Acción: Baseándonos nas imaxes expostas na Exposición "Quen lle dá a volta á tortilla" realizaremos unha montaxe de foto-collage creando unha obra colectiva.

Necesidades Técnicas:

Impresora conectada a un Ordenador.

Proxector.

Ordenador.

Pantalla de proxección.

Espazo libre nunha parede para montar o foto- colage.

2 ou 3 Cámaras de fotos.

